

ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "EN RUTA COA DEPO" 2017

ANUNCIO RELATIVO Á APROBACIÓN DAS BASES DO PROGRAMA "EN RUTA COA DEPO" PARA 2017

A Xunta de Goberno desta Deputación na súa sesión do día 24 de febreiro de 2017 adoptou, entre outros, o acordo de aprobar as bases do programa "En ruta coa Depo" para o ano 2017.

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA "EN RUTA COA DEPO" 2017

No artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos marcados nesta lei. Así mesmo, establécese que os poderes públicos fomentarán, no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por parte de entidades de iniciativa social sempre que se axusten aos requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na citada lei.

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Cohesión Social e Xuventude, convoca a segunda edición do programa "En ruta coa Depo" coa finalidade de crear espazos de unión e convivencia para as diferentes entidades participantes, promovendo a igualdade de acceso aos recursos, especialmente para as persoas con diversidade funcional, así como actividades alternativas de ocio e de tempo de lecer para a xuventude, promovendo o asociacionismo xuvenil e o ocio dinámico e saudable.

Así mesmo, crearanse rutas específicas co fin de xerar espazos lúdicos nos que nais, pais, titoras ou titores, entre outras persoas, poidan gozar coas nenas e os nenos dun ocio común, san, alternativo e divertido, que tamén faga doada a conciliación familiar e laboral durante as fins de semana ou as estancias estivais.



B A S E S***Primeira. Obxecto***

Estas bases regulan a convocatoria pública do programa “En ruta coa Depo” 2017, que ten como finalidade mellorar a participación, a convivencia e a cohesión social dos distintos colectivos sociais da provincia de Pontevedra, impulsando a igualdade de oportunidades para as persoas con diversidade funcional, ofrecéndolle alternativas de lecer e tempo libre á poboación xuvenil da nosa provincia e promovendo rutas destinadas ás entidades de nais e pais que fomenten a convivencia e o intercambio de experiencias nas que participen activamente nenas e nenos.

Segunda. Entidades beneficiarias

Poderán participar neste programa todas as entidades sociais da provincia de Pontevedra, que terán a posibilidade de presentar a súa solicitude de forma conxunta con outra entidade, de acordo co establecido na base sexta.

Só se concederá unha ruta por entidade e CIF, solicitada de forma individual ou conxunta.

Terceira. Número de prazas

Ofertarase un máximo de 20.000 prazas.

Cuarta. Lugar e prazo de presentación de solicitudes

4.1. Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e, posteriormente, remitiráselle a convocatoria á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), que será a que lle dea traslado do seu extracto ao BOPPO, sen prexuízo da súa inserción na páxina www.depo.es e no taboleiro de anuncios.

4.2. O prazo para a presentación de solicitudes será de 20 días naturais a partir da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza a Deputación para o tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

As solicitudes presentadas fóra do prazo anteriormente establecido non serán admitidas nesta convocatoria.

4.3. As solicitudes presentaranse no Rexistro xeral da Deputación, en calquera das súas oficinas de rexistro e no Rexistro electrónico sede.depo.es, de conformidade co establecido no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



No caso de enviarse por correo postal (ao Rexistro da Deputación) o envío deberá ser certificado co selo de Correos no formulario da solicitude para garantir que a data de remisión está dentro do prazo de presentación de solicitudes desta convocatoria.

As solicitudes remitidas por correo que non cumpran este requisito teranse por presentadas para todos os efectos no mesmo día en que teñan entrada no Rexistro xeral da Deputación, independentemente da data de presentación na oficina de Correos.

Cando a solicitude se remita por correo postal deberase enviar previamente ao correo electrónico cohesionsocialexuventude@depo.es.

Se o último día do prazo fose inhábil este prorrogaríase ata o seguinte día hábil.

4.4. No suposto de que as prazas ofertadas non queden cubertas esta institución provincial reserva o dereito a abrir un novo prazo de inscrición ou a ampliar a convocatoria inicial, co obxecto de que as entidades beneficiarias poidan solicitar unha segunda ruta.

Quinta. Documentación das entidades

As solicitudes deberán presentarse no modelo (mod. 231.070 A) que se facilitará no Rexistro xeral da Deputación, no da súa oficina de Vigo ou na páxina www.depo.es.

Xunto coa solicitude terán que presentar a seguinte documentación:

- Certificado de acreditación do cargo (mod. 231.070 C)
- Unha fotocopia do CIF da entidade
- Unha fotocopia do DNI ou NIE da presidenta ou presidente da entidade

De presentar unha solicitude conxunta será a entidade solicitante principal a que deberá achegar esta documentación.

Sexta. Procedemento de selección

6.1. A concesión destas subvencións realizarase polo réxime de concorrencia non competitiva.

O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, a Xefatura do Servizo de Cohesión Social e Xuventude e a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno.

6.2. A institución provincial establece a convocatoria de prazas do programa “En ruta coa Depo” 2017 no marco de actividades para os colectivos de entidades de iniciativa social e oferta un máximo de 20.000 prazas, que serán outorgadas segundo esta orde de prevalencia:



1) Entidades sociais inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS)

2) Entidades sociais de colectivos con diversidade funcional

3) Entidades sociais que presenten a súa solicitude de forma conxunta

4) Entidades sociais non inscritas no RUEPSS

En todos os apartados anteriores terase en conta a orde de rexistro de entrada das solicitudes.

6.3. Unha vez cubertas as 20.000 prazas ofertadas, o resto das solicitudes quedarán en lista de agarda.

6.4. No caso de solicitudes presentadas de xeito conxunto baremarase a entidade que conste como solicitante principal e establecerase a súa orde de prevalencia segundo os requisitos establecidos nesta base sexta.

Sétima. Condicións do programa

7.1. O programa consiste en pasar un día coñecendo os lugares sinalados na ruta asignada cun membro do equipo de guías e inclúe o xantar e o transporte.

7.2. A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, que será a responsable da súa execución, coordinación e avaliación e que dispoñerá de persoal especializado, con atención telefónica ao público para consultar calquera dúbida que puidese xurdir.

7.3. Ofertarase un total de 32 rutas por lugares emblemáticos da nosa provincia, que se detallarán no modelo de solicitude.

7.4. Cada entidade poderá escoller por orde de preferencia tres rutas entre as ofertadas e sinalar o mes e o día da semana que prefire para realizar a actividade.

7.5. As rutas ofertadas e as súas características figurarán no catálogo que se publique na web www.depo.es. Non obstante, para maior información sobre cuestións relativas ás características das rutas as entidades sociais beneficiarias do programa poderán dirixirse á empresa adxudicataria.

7.6. Cada participante achegará a cantidade de 12 €, a excepción das persoas menores de 12 anos, que aboarán 8 €, o que incluírá o desprazamento de ida e volta en autobús desde os puntos marcados nos seus concellos, a visita guiada por unha persoa que conte coa habilitación como guía de turismo especializada ou especializado de Galicia e o xantar



(cada menú constará, polo menos, de dous pratos, sobremesa, café e bebidas), a excepción do xantar tipo pícnic, admitido para as rutas no Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas.

7.7. Queda prohibido que as entidades lles cobren un prezo máis elevado ás persoas participantes (sexan ou non socias) que o fixado pola Deputación. As que o fagan serán sancionadas, sen que poidan participar na seguinte convocatoria do programa e sen prexuízo das responsabilidades legais en que puidesen incurrir.

7.8. Finalizado o proceso de inscrición, a empresa adxudicataria poñerá en contacto coa persoa representante da entidade co fin de definir a ruta elixida e establecer a data para a súa realización, intentando respectar na medida do posible a opción escollida en primeiro lugar e as datas preferentes.

7.9. O horario das saídas coordinarase coa persoa representante da entidade solicitante principal ou, no seu defecto, coa persoa en quen se delegue esta función. Será a persoa representante da entidade solicitante a que determine as paradas (dúas como máximo), que deberán establecerse en espazos amplos onde os autobuses poidan entrar e manobrar para a recollida das persoas participantes.

7.10. Nos autobuses irá unha guía ou un guía que informará das coberturas do seguro do programa e procurará resolver todas as dúbidas ao respecto.

7.11. Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberá comunicárselle ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude desta institución provincial, a través do correo electrónico cohesionsocialexuventude@depo.es.

7.12. As entidades poderán solicitar un máximo de dous autobuses. O máximo de participantes será de 54 se se solicita un só autobús e de 108 se se solicitan dous.

Non sairá ningún autobús se non se alcanza un mínimo de 50 participantes.

7.13. Para colectivos de persoas con mobilidade reducida que precisen de cadeiras de rodas ou doutras axudas técnicas as prazas por autobús serán, con carácter xeral, 34 (cun máximo de catro usuarias ou usuarios en cadeira de rodas por autobús).

Os autobuses estarán adaptados ás necesidades destas persoas. Debido ás súas especiais características as situacións particulares valoraranse individualmente, sempre e cando se xustifiquen e o Servizo de Cohesión Social e Xuventude o estime oportuno.



7.14. As nenas e os nenos menores de tres anos deberán viaxar en compañía dunha persoa representante ou titora legal. Ademais terán que empregar un sistema de retención que estea debidamente homologado e que se suxeite de forma correcta ao asento.

7.15. Non se subvencionarán máis de dous autobuses, a fin de poder atender todas as solicitudes.

Oitava. Obrigas das persoas participantes

8.1. Cada menor de idade deberá ir en compañía dunha persoa representante ou titora legal.

8.2. As entidades solicitantes aboarán o prezo por persoa usuaria do xeito que se determine por acordo coa empresa adxudicataria do programa, preferiblemente mediante transferencia bancaria, que se realizará cinco días antes do inicio do programa, se ben se permitirá calquera medio de pagamento admitido en dereito, acordado entre ambas as partes, sempre que quede constancia do pagamento efectivo, do número de persoas participantes, adultas e menores, e do nome de entidade.

A cantidade aboada á empresa adxudicataria só se reintegrará cando exista un motivo debidamente xustificado que lle impida asistir á persoa participante.

8.3. A entidade deberá designar unha persoa encargada das comunicacións coa empresa adxudicataria. O día da saída esta persoa representante ou aquela en quen se delegue deberá asinar un certificado de participación no que consten o nome da entidade, o número de participantes polo que se fixo o ingreso ou o pagamento por outros medios, o número de participantes finais que acudiron á saída e a data.

8.4. No caso de que a entidade teña prazas gratuítas asignadas, deberá achegar a documentación esixida nas condicións establecidas na base décima.

8.5. As persoas que viaxen con menores de tres anos deberán achegar os sistemas de suxeición homologados necesarios aos que se refire a base sétima.

8.6. No caso de que a entidade decida renunciar ao programa ou non teña a cantidade mínima de participantes esixida deberá comunicarllo ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude a través do correo electrónico cohesionsocialexuventude@depo.es.

Novena. Orzamento e financiamento

9.1. A contía consignada para este programa ascende a douscentos sesenta mil (260.000) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 17/231.2311.227.07 do Orzamento da Deputación, para un total de 20.000 prazas.



9.2. A institución provincial non se compromete a garantir neste contrato un número mínimo de prazas, xa que a cantidade resultante dependerá do número de entidades que finalmente participen na actividade.

9.3. O programa será cofinanciado pola Deputación do seguinte xeito:

- As persoas adultas aboarán 12 €
- As rapazas e os rapaces menores de 12 anos aboarán 8 €
- A Deputación asumirá a cantidade restante, resultante do prezo de adxudicación
- Reservarase un total de 400 prazas gratuítas, é dicir, a Deputación asumirá a totalidade do seu custo

Décima. Gratuidade de prazas

Para poder beneficiarse das prazas gratuítas (400), a entidade deberá acompañar a solicitude cunha relación das persoas que a integran, indicando o número delas que, por carecer de recursos económicos suficientes, non poden facerse cargo da achega de 12 € que lles corresponde (8 € no caso de menores de 12 anos), e xustificar que estas persoas se atopan nunha das seguintes circunstancias: situación ou risco de exclusión social, escasos recursos económicos e idoneidade do programa para a persoa solicitante, mediante o informe dunha traballadora ou traballador social dos servizos sociais comunitarios municipais ou da traballadora ou traballador social da propia entidade solicitante (mod.231.070 B).

No caso de que existan máis solicitudes que prazas terase en conta a orde de presentación da solicitude de cada entidade.

Unha vez adxudicadas as rutas a cada entidade, e o número de prazas gratuítas que lle corresponderían no seu caso, a entidade dispoñerá dun prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á súa notificación para remitir o mencionado informe ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude a través do correo electrónico cohesionsocialxuventude@depo.es.

Décimo primeira. Protección de datos

As entidades solicitantes consenten ao adherirse a este programa que os datos deste expediente se incorporen aos ficheiros informáticos da institución provincial.

Os datos persoais recollidos serán incorporados e tratados en ficheiros coa finalidade de conter os datos das persoas que participan nos programas financiados pola Deputación, inscritos na Axencia Española de Protección de Datos, e poderán ser incluídos na páxina web.



Décimo segunda. Publicidade

De conformidade co artigo 31 do Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións deberase facer constar a organización e a colaboración do organismo provincial mediante a inclusión da súa imaxe institucional en toda a publicidade que se elabore.

Para máis información sobre esta cuestión pode dirixirse ao Servizo de Cohesión Social e Xuventude a través do correo electrónico cohesionsocialexuventude@depo.es.

Décimo terceira. Prazo de vixencia

O programa terá vixencia ata o 31 de decembro de 2017.

Décimo cuarta. Lexislación aplicable

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Bases de execución e Orzamento provincial vixente

Pontevedra, 7 de marzo de 2017.—A deputada, Digna Rosa Rivas Gómez.—A secretaria accidental.

